



## CONCELLOS

### ALFOZ

#### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de 29 de xuño de 2020, apróbase a Convocatoria e as Bases Específicas que rexerán o procedemento selectivo de 4 peóns e 1 xefe da brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais.

#### CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é proceder á selección de persoal laboral temporal, dos seguintes empregos no Concello de Alfoz.

- ▶ Denominación e características obxecto da convocatoria do emprego de “Xefe de Brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais – Campaña 2020”:

- Nº empregos: 1
- Denominación: Xefe de Brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais.
- Réxime Xurídico: Persoal laboral temporal
- Duración vínculo de servizo: 3 meses desde a formalización do contrato.
- Duración xornada: Xornada completa.

Listaxe de emprego temporal para a praza de “Xefe de Brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais – Campaña 2020”.

- Modalidade da listaxe: Específica

- ▶ Denominación e características obxecto da convocatoria do emprego de “Peóns para a brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais – Campaña 2020”:

- Nº empregos: 4
- Denominación: Peón para a brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais.
- Réxime Xurídico: Persoal laboral temporal
- Duración vínculo de servizo: 3 meses desde a formalización do contrato.
- Duración xornada: Xornada completa.

Listaxe de emprego temporal para a praza de “Peóns para a brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais – Campaña 2020”:

- Modalidade da listaxe: Específica

O extracto da convocatoria e as bases específicas publicarase no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web ([www.concellodealfoz.com](http://www.concellodealfoz.com)).

**Prazo de presentación:** Será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria e das bases no BOP.

**Lugar de presentación:** Será no Rexistro Xeral do Concello ou a través das formas establecidas na vixente Lei do Procedemento Administrativo Común.

## **BASES ESPECÍFICAS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DUN XEFE DE BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIOS, PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TRAVÉS DO SISTEMA DE CONCURSO, PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE ALFOZ.**

### **1. OBXECTO.**

As presentes bases específicas complementan as bases xerais que foron aprobadas por Resolución da Alcaldía en data 16 de novembro de 2017, e publicadas no B.O.P. de Lugo número 269 de 23 de novembro de 2017.

Ámbalas dúas bases establecen as normas para a selección de persoal provisional ou temporal.

O obxecto das presentes bases é regular a contratación laboral temporal polo Concello de Alfoz, dun xefe de brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, dentro do marco do convenio interadministrativo subscrito entre a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia e o Concello de Alfoz para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2020.

### **2. DENOMINACIÓN DO EMPREGO E CARÁCTERÍSTICAS:**

**DENOMINACIÓN:** Xefe de brigada

**Réxime Xurídico:** PERSOAL LABORAL TEMPORAL

**DURACIÓN DO VÍNCULO de servizo:** Tres meses desde a formalización do contrato.

**tempo Xornada:** COMPLETA (100 % xornada).

**cometido funcional:** Consistirá na realización das tarefas que lle sexan encomendadas polo persoal responsable dos servizos municipais correspondentes do Concello de Alfoz e polo Distrito Forestal VI, de acordo coas instrucións recibidas ao efecto. En concreto, responsabilizarase da brigada municipal encargada da vixilancia e defensa contra os incendios forestais e das labores encamiñadas á súa prevención e á diminución do risco de propagación e minimización de danos, no caso de producirse. Así actuará como responsable e coordinador do funcionamento da brigada para establecer relacóns operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal ao que pertenza a entidade local. Como compoñente da brigada realizará labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridas para a defensa destes, durante cada un dos tres meses de operatividade da mesma, con plena disponibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

**3.- RETRIBUCIÓN:** Será de 1.260,00 € brutos mensuais, incluída a parte proporcional das pagas extra.

### **4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

#### **a) Xerais:**

**Titulación Académica necesaria para participar no proceso selectivo:** Algunha destas titulacións: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, Técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente.

#### **b) Específicos:**

Estar en posesión do carné de conducir clase B.

Nivel de coñecemento do idioma galego esixido para realizar as funcións da praza/posto/emprego convocado: CELGA 4 ou se carece desta acreditación a persoa aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego.

### **5. TRAMITACIÓN.**

O Concello de Alfoz abrirá un prazo de solicitudes de participación no proceso selectivo de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación dun extracto da convocatoria e destas bases no BOP.

Na súa formulación, a oferta non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos no convenio asinado coa Consellería do Medio Rural, en virtude do cal se realizarán as contratacóns.

As solicitudes presentaranse tal e como ven recollido nas bases 6 e 7 das bases xerais.

A valoración da fase de concurso e a realización da proba de galego para aqueles que non acrediten o nivel de galego CELGA 4, terá lugar o día que se publique no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, que será cunha antelación mínima de 48 horas á hora da súa celebración.

Seleccionados os/as traballadores/as, serán convocados para a realización dun recoñecemento médico e unha proba física de esforzo, nos termos establecidos no convenio asinado coa Consellería de Medio Rural, cuxa superación será requisito indispensable para a súa posterior contratación como condutores de motobomba. De non superarse, convocarase ao seguinte aspirante que acadara unha maior puntuación, e así sucesivamente.

O Concello procederá á contratación das persoas propostas que superaran o exame médico e a proba de esforzo baixo a modalidade de “obra ou servizo determinado”.

## 6. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO DE MÉRITOS.

### FASE DE CONCURSO. BAREMO DE MÉRITOS (puntuación máxima 7 puntos).

A selección realizarase valorando os seguintes méritos:

a) Experiencia laboral profesional: (Puntuación máxima: 5 puntos).

Por acreditar ter experiencia como xefe de brigada, coordinador técnico, capataz GRUMIR: 0,25 puntos/mes.

Por acreditar ter experiencia como peón de incendios/GRUMIR: 0,10 puntos/mes.

A puntuación minorarase de forma proporcional en función da porcentaxe de xornada, cando esta fora parcial.

Acreditarase mediante a presentación de informe de vida laboral e do/s contrato/s de traballo, ou da certificación da entidade, de forma que queden acreditadas entidade, posto de traballo, xornada e duración.

b) Formación relacionada co desempeño do posto de traballo (Puntuación máxima: 2 puntos).

Por ter realizado cursos relacionados coa protección do ecosistema e efectos do lume, comportamento do lume, técnicas de extinción, apertura dunha liña de defensa, mantemento de ferramentas, manexo da emisora, seguridade e en xeral de protección de incendios impartidos polo Instituto Nacional de Administración Pública ou calquera centro oficial autorizado para impartilos, incluídos os organizados ou promovidos polos Concellos:

Por cada curso de 60 ou máis horas de duración ou de 10 xornadas: 0,50 puntos

Por cada curso entre 30 e 59 horas de duración ou de 5 a 9 xornadas: 0,40 puntos

Por cada curso entre 10 e 29 horas de duración ou de 2 a 4 xornadas: 0,20 puntos

Será acreditado mediante presentación de fotocopia compulsada do correspondente diploma ou certificado da actividade formativa, no que debe figurar a súa duración, en número de horas ou xornadas.

No caso de producirse empates, o Tribunal de Valoración decidirá en función da puntuación obtida no apartado de experiencia , incluso si excedese da puntuación máxima do citado apartado. De persistir o empate serán puntuados os cursos de formación dos aspirantes nesta situación sen o límite establecido de 2 puntos. Si aínda así persistira, observarase a prioridade pola orde de entrada da solicitude no rexistro de entrada do Concello.

A puntuación final das persoas que obtiveran a cualificación de aptas será a resultante da fase de concurso. Será proposta para o posto de traballo convocado a persoa que acadara a maior puntuación, quedando as restantes conformando unha listaxe de reserva, ordenada segundo a puntuación obtida, aos efectos de renuncia, baixa, non superar o recoñecemento médico e/ou proba física de esforzo, ou calquera outra continxencia das persoas candidatas propostas, sendo requirida a que figure na listaxe no seguinte lugar, sucesivamente, cando as circunstancias o requiran.

## 7.- PROBA DE GALEGO.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

“[...], para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluirase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.”

Aquelhas persoas aspirantes que non acrediten o nivel de galego CELGA 4 deberán realizar esta proba que poderá consistir, alternativamente, na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán.

Esta proba é obligatoria e eliminatoria e cualificarse con apto ou non apto.

## 8.- INCIDENCIAS.

Estas bases e tódolos actos administrativos que delas se deriven, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 7/1985 de 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, o Real Decreto 896/1991 de 7 de xuño, o Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo e a normativa laboral de aplicación.

## **BASES ESPECÍFICAS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE CATRO PEÓNS PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIOS, PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TRAVÉS DO SISTEMA DE CONCURSO, PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE ALFOZ.**

### **1. OBXECTO.**

As presentes bases específicas complementan as bases xerais que foron aprobadas por Resolución da Alcaldía en data 16 de novembro de 2017, e publicadas no B.O.P. de Lugo número 269 de 23 de novembro de 2017.

Ámbalas dúas bases establecen as normas para a selección de persoal provisional ou temporal.

O obxecto das presentes bases é regular a contratación laboral temporal polo Concello de Alfoz, de 4 peóns para a brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, dentro do marco do convenio interadministrativo subscrito entre a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia e o Concello de Alfoz para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2020.

### **2. DENOMINACIÓN DO EMPREGO E CARÁCTERÍSTICAS:**

**DENOMINACIÓN:** PEÓN de brigada

**Réxime Xurídico:** PERSOAL LABORAL TEMPORAL

**DURACIÓN DO VÍNCULO de servizo:** Tres meses desde a formalización do contrato.

**tempo Xornada:** COMPLETA (100 % xornada).

**cometido funcional:** Consistirá na realización das tarefas que lle sexan encomendadas polo persoal responsable dos servizos municipais correspondentes do Concello de Alfoz e polo Distrito Forestal VI, de acordo coas instrucións recibidas ao efecto. De conformidade co Convenio subscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Alfoz, os compoñentes da brigada realizarán labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridos para a defensa de eles durante cada un dos tres meses de operatividade da brigada, con plena disponibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

**3.- RETRIBUCIÓNS:** Será de 1.050,00 € brutos mensuais para os peóns, incluída a parte proporcional das pagas extra. Para o peón condutor a retribución será de 1.120,00 € brutos mensuais, incluída a parte proporcional das pagas extra.

### **4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

#### **a) Xerais:**

**Titulación Académica mínima necesaria para participar no proceso selectivo:** Certificado de escolaridade ou titulación equivalente.

#### **b) Específicos:**

Estar en posesión do carné de conducir clase B.

Nivel de coñecemento do idioma galego esixido para realizar as funcións da praza/posto/emprego convocado: CELGA 1 ou se carece desta acreditación a persoa aspirante someterase obligatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego.

### **5. TRAMITACIÓN.**

O Concello de Alfoz abrirá un prazo de solicitudes de participación no proceso selectivo de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación dun extracto da convocatoria e destas bases no BOP.

Na súa formulación, a oferta non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos no convenio asinado coa Consellería do Medio Rural, en virtude do cal se realizarán as contratacóns.

As solicitudes presentaranse tal e como ven recollido nas bases 6 e 7 das bases xerais.

A valoración da fase de concurso e a realización da proba de galego para aqueles que non acrediten o nivel de galego CELGA 1, terá lugar o día que se publique no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, que será cunha antelación mínima de 48 horas á hora da súa celebración.

Seleccionados os/as traballadores/as, serán convocados para a realización dun recoñecemento médico e unha proba física de esforzo, nos termos establecidos no convenio asinado coa Consellería de Medio Rural, cuxa superación será requisito indispensable para a súa posterior contratación como condutores de motobomba. De non superarse, convocarase ao seguinte aspirante que acadara unha maior puntuación, e así sucesivamente.

O Concello procederá á contratación das persoas propostas que superaran o exame médico e a proba de esforzo baixo a modalidade de “obra ou servizo determinado”.

## 6. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO DE MÉRITOS.

### FASE DE CONCURSO. BAREMO DE MÉRITOS (puntuación máxima 7 puntos).

A selección realizarase valorando os seguintes méritos:

#### c) Experiencia laboral profesional: (Puntuación máxima: 5 puntos).

Por acreditar ter experiencia en servizos efectivos prestados nas Administración Públicas na mesma praza, categoría ou realizando as mesmas funcións que na praza que se convoca: 0,25 puntos/mes.

Por acreditar ter experiencia nun posto de traballo da mesma categoría e relacionado coas funcións da praza que se convoca en empresas privadas: 0,10 puntos/mes.

A puntuación minorarase de forma proporcional en función da porcentaxe de xornada, cando esta fora parcial.

Acreditarase mediante a presentación de informe de vida laboral e do/s contrato/s de traballo, ou da certificación da entidade, de forma que queden acreditadas entidade, posto de traballo, xornada e duración.

#### d) Formación relacionada co desempeño do posto de traballo (Puntuación máxima: 2 puntos).

Por ter realizado curso básico de protección civil impartido pola Academia Galega de Seguridade Pública e cursos de formación relacionados coa protección do ecosistema e efectos de lume, comportamento do lume, técnicas de extinción, apertura dunha liña de defensa, mantemento de ferramentas, manexo da emisora, seguridade e en xeral de protección de incendios impartidos polo Instituto Nacional de Administración Pública ou calquera centro oficial autorizado para impartilos, incluídos os organizados ou promovidos polos Concellos:

Por cada curso de 60 ou máis horas de duración ou de 10 xornadas: 0,50 puntos

Por cada curso entre 30 e 59 horas de duración ou de 5 a 9 xornadas: 0,40 puntos

Por cada curso entre 10 e 29 horas de duración ou de 2 a 4 xornadas: 0,20 puntos

Será acreditado mediante presentación de fotocopia compulsada do correspondente diploma ou certificado da actividade formativa, no que debe figurar a súa duración, en número de horas ou xornadas.

No caso de producirse empates, o Tribunal de Valoración decidirá en función da puntuación obtida no apartado de experiencia , incluso si excede da puntuación máxima do citado apartado. De persistir o empate serán puntuados os cursos de formación dos aspirantes nesta situación sen o límite establecido de 2 puntos. Si aínda así persistira, observarase a prioridade pola orde de entrada da solicitude no rexistro de entrada do Concello.

A puntuación final das persoas que obtiveran a cualificación de aptas será a resultante da fase de concurso. Serán propostas para o posto de traballo convocado as catro persoas que acadaran a maior puntuación, quedando as restantes conformando unha listaxe de reserva, ordenada segundo a puntuación obtida, aos efectos de renuncia, baixa, non superar o recoñecemento médico e/ou proba física de esforzo, ou calquera outra contingencia das persoas candidatas propostas, sendo requirida a que figure na listaxe no seguinte lugar, sucesivamente, cando as circunstancias o requiran.

A persoa que obteña a maior de todas as puntuacións, será designado peón condutor.

## 7.- PROBA DE GALEGO.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

"[...], para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluirase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega."

Aquelhas persoas aspirantes que non acrediten o nivel de galego CELGA 1 deberán realizar esta proba que poderá consistir, alternativamente, na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán.

Esta proba é obligatoria e eliminatoria e cualificarse con apto ou non apto.

## 8.- INCIDENCIAS.

Estas bases e tódolos actos administrativos que delas se deriven, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 7/1985 de 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, o Real Decreto 896/1991 de 7 de xuño, o Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo e a normativa laboral de aplicación.

Alfoz, 29 de xuño de 2020.- O Alcalde, Jorge Val Díaz

R. 1355

## CHANTADA

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 16/06/2020 aprobouse o Padrón de contribuíntes obligados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a maio 2020.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a maio do 2020 terá lugar neste municipio dende o día 16 de xuño de 2020 ata o día 17 de agosto de 2020.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 16 de xuño de 2020.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1317

### *Anuncio*

O pleno do Concello de Chantada , na sesión extraordinaria do día 18/06/2020 acordou aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal do imposto sobre actividades económicas.

De conformidade co disposto no artigo 17 do Texto Refundido 2/2004, do 5 de marzo, da Lei reguladora das facendas locais e o artigo 49 da Lei de Bases de Régime Local o expediente queda sometido a exposición pública durante o prazo de 30 días , na Secretaría deste Concello , periodo durante o que as persoas interesadas poderán presentar as alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes.

De non presentarse reclamacións durante o prazo sinalado, entenderase automáticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación adoptado.

Chantada, 19 de xuño 2020.- O alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1318

## A FONSAGRADA

### *Anuncio*

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data do 23 de xuño, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de maio de 2020, polo importe total de 10.890,03 € (dependencia) e 577,20 € (prestación básica).

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 25 de xuño de 2020.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 1319

## NEGUEIRA DE MUÑIZ

### *Anuncio*

#### DECRETO DE ALCALDÍA

Visto que é necesario proceder á aprobación do Padrón fiscal relativo ao imposto de bens inmobles de rústica, urbana e de características especiais correspondente ao exercicio 2020, e co fin de proceder á correspondente recadación do IBI, despois de examinar a documentación achegada e, de acordo co establecido no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

#### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Que se aprube o Padrón do imposto de bens inmobles de rústica, urbana e de características especiais, correspondente ao exercicio 2020, composto por 395 cargos e por un importe total de cotas municipais de 209.746,93euros. O período voluntario de cobramento será o seguinte: do un de agosto ao trinta de setembro de dous mil vinte.

**SEGUNDO.** Que se practique a notificación colectiva das liquidacións e o anuncio da cobranza en voluntaria dos tributos anteriores polos medios habituais e, sinaladamente, a través da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

Mándao e asínao o alcalde, D. Jose Manuel Braña Pereda, Negueira de Muñiz, 26 de xuño de 2020.- do que eu, como secretario dou fe.

O Alcalde, Jose Manuel Braña Pereda, O Secretario, Alejandro Maseda Mallo.

R. 1316

## VILALBA

### *Anuncio*

#### **BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL PARA REALIZAR TRABALLOS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIOS, NO ANO 2020 POR UN PRAZO DE 3 MESES NO CONCELLO DE VILALBA E NOS SEGUINTES POSTOS DE TRABALLO. EXPTE. 498/2020:**

**- 2 XEFES DE BRIGA**

**- 8 PEÓNS DE BRIGADA**

**- 2 CONDUCTORES DE AUTOBOMBA**

#### **1º.- Obxecto da convocatoria:**

1.1.- O obxecto desta convocatoria é a selección de doce persoas como persoal laboral temporal (máximo tres meses de duración) para realizar actuacións de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais no marco do "Convenio de Colaboración subscrito en data 24/06/2019 entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Vilalba para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020" e addenda ó mesmo asinada en data 17/12/2019.

**- 2 Xefes de brigada.**

**- 8 peóns de brigada.**

**- 2 conductores de autobomba.**

Serán funcións a desempeñar polos/as traballadores/as contratados/as as establecidas no "Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Vilalba para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa", sendo financiada a contratación pola Consellería do Medio Rural e o Fondo FEADER no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

O ámbito de actuación será o municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal. Sen ánimo exhaustivo, as funcións a desenvolver son:

**- Traballos de vixilancia e defensa contra os incendios forestais.**

**- Traballos encamiñados á prevención que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse.**

O xefe de brigada será o responsable e coordinador do funcionamento da brigada mantendo as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal.

Os membros da brigada deberán ter plena dispoñibilidade (incluíndo domingos, festivos, quendas de noite...segundo as necesidades do servizo).

A execución das actuacións de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais terá unha duración máxima de 3 meses, de conformidade co Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Vilalba.

**Retribucións:** As retribucións brutas mensuais serán as seguintes:

**Capataz forestal (grupo III):**

Soldo: 766,25 € brutos en 14 pagas

Complemento do posto: 786,41 € brutos en 14 pagas

**Peón forestal (grupo V):**

Soldo: 595,23 € brutos en 14 pagas

Complemento do posto: 709,48 € brutos en 14 pagas

**Conductor motobomba (grupo IV):**

Soldo: 649,50 € brutos en 14 pagas

Complemento do posto: 746,83 € brutos en 14 pagas

En aplicación do convenio colectivo de persoal laboral do concello de Vilalba de 20/11/2018 (BOP nº 298 de 31/12/2018), e a subida do 2,25% aprobada por Real Decreto 24/2018 de 21/12/2018, e a suba do 2% para o ano 2020.

**1.2.- O sistema selectivo elixido será o de concurso**

1.3.- O presente proceso selectivo seralle de aplicación o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; a Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública; a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais Vixentes na Materia de Réxime Local; o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedimento de selección dos funcionarios da Administración Local; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; e as bases da presente convocatoria.

**2º.- Tipo e duración do contrato:**

Os contratos serán de traballo temporal de **obra ou servizo determinado**. A duración do contrato será de tres meses . Os traballos comezarán entre o día 1 e o día 31 de xullo, salvo que por causas xustificadas se demore a data de inicio prevista anteriormente, e terán unha duración de 3 meses.

O réxime xurídico da relación será de carácter laboral, réxime de dedicación a **tempo completo por quendas, de luns a domingo**.

**3º.- Requisitos dos aspirantes:**

Serán requisitos mínimos dos aspirantes a esta contratación:

1.- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ó emprego público de conformidade co disposto no artigo 52 Lei 2/2015 do emprego público de Galicia..

2.- Ter a capacidade funcional, así como a capacidade física necesaria para o desempeño das tarefas, extremos que deberán acreditarse mediante a presentación de informe médico ou certificado médico no caso de ser seleccionado.

3.- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.

4.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

5.- Non estar incorso en causas de incompatibilidades de conformidade co disposto na Lei 53/1984, del 26 de decembre, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

6.- Para os **Xefes de Brigada**: Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos, Técnico en Traballo Forestais e Conservación do Medio Natural, ou formación profesional equivalente, ou titulacións equivalentes. Estar en posesión do **carnet de conducir clase B**.

7.- Para os **Peóns de Brigada**: ESO, EXB ou equivalente. Estar en posesión do **carnet de conducir clase B**.

8.- Para os **Conductores de Autobomba**: ESO, EXB ou equivalente. Estar en posesión do **carnet de conducir clase C**.

9. Os anteriores requisitos deberan reunir con referencia ó último día de prazo de presentación das solicitudes.

#### 4º.- Presentación de solicitudes e admisión de aspirantes:

Os que desexen tomar parte neste proceso de selección deberán dirixir a súa solicitude, segundo o modelo previsto no Anexo I das bases de selección, ao Sra. Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Vilalba, presentándoa no rexistro xeral do citado Concello ou nunha forma prevista na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo Común das Administracións Públicas no **prazo de 5 días naturais**, contados dende o seguinte ao da publicación no **Boletín Oficial da Provincia de Lugo**. As bases publicaranse íntegramente no taboleiro de edictos e na **sede electrónica do Concello de Vilalba** (<http://vilalba.sedelectronica.es/transparency>)

Na solicitude farase constar que se reúnen os requisitos esixidos para tomar parte no concurso oposición.

Á instancia, conforme ó modelo que figura no ANEXO I, acompañarase inescusablemente da seguinte documentación:

- Copia compulsada do Documento Nacional de Identidade, ou pasaporte.
- Copia compulsada do título académico e/ou carné de conducir B, segundo o posto.
- Copia compulsada dos documentos que acrediten os méritos alegados para a fase de concurso conforme á base séptima. Os méritos profesionais deberán acreditarse con copia cotexada dos contratos de traballo e co informe da vida laboral ou, no caso de administracións públicas, certificado expedido polo fedatario público da administración e copia cotexada do contrato e/ou nomeamento. Achegaranse, en todo caso, os certificados de empresa ou Administración Pública precisos para acreditar as concretas funcións dos traballos desenvoltos.
- De ser o caso, copia compulsada do CELGA 1 para os peóns e conductores de motobomba, ou CELGA 3 para os capataces, ou equivalente, co que quedarán exentos do exame de galego.

Finalizado o prazo de presentación de instancias, a alcaldesa, no prazo máximo de 5 días e mediante resolución, aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos que será exposta no taboleiro de edictos do Concello e publicada na páxina web do Concello, relacionándose os aspirantes excluídos con indicación da causa da súa exclusión. Os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles para a subsanación, no seu caso, das deficiencias que se sinalen. Estas subsanacións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que se publicará no taboleiro de edictos e na que se incluirá a composición do tribunal e o lugar, a data e a hora de realización do primeiro exercicio.

Contra a resolución na que se declare a lista definitiva de admitidos e excluídos, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o Órgano que ditou o acto, ou directamente recurso de contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contenciosa-Administrativa, contados a partir do seguinte ó da publicación no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

De acordo coa Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, fixase como medio de comunicación das publicacións que se deriven dos actos integrantes deste procedemento selectivo a exposición no taboleiro de edictos e na **sede electrónica do Concello** (<http://vilalba.sedelectronica.es/transparency>).

#### 5º.- Procedemento de selección:

A selección realizarase de conformidade ó previsto nas presentes bases polo sistema de **concurso, valorándose os seguintes méritos**:

##### 5.1.- EXPERIENCIA LABORAL (máximo 8 puntos).

- 0,1 punto por mes de traballo en brigadas de extinción de incendios para unha Administración Pública
- 0,075 puntos por mes de traballo no rexime de traballadores por conta propia, autónomos, nos epígrafes 911 ou 912 de IAE
- 0,075 puntos por mes de traballo en postos directamente relacionados coas tarefas do posto para empresas privadas

Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar:

Para experiencia laboral en tarefas do apartado a): certificado expedido pola Administración Pública correspondente no que se certifique o posto de traballo e o tempo de servizos prestados, ou vida laboral e contrato de traballo.

Para experiencia laboral á que se refire o apartado b): Informe de Vida Laboral actualizado e copia da alta no réxime de autónomos.

Para a experiencia laboral en empresas privadas (apartado c): Informe de vida laboral actualizado e copia compulsada dos contratos de traballo onde conste a categoría profesional.

De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente a aquí referida, a cualificación neste apartado será de 0 puntos.

#### 5.2.- CURSOS RELACIONADOS CO POSTO DE TRABALLO (máximo 2 puntos).

- Por cursos relacionados directamente co posto de traballo impartidos pola Administración Pública ou entidades das dependentes, homologados.e acreditados por alguma institución pública de máis de 20 horas de formación , valoraranse de acordo co seguinte baremo:

- Cursos de 20 a 40 horas: 0,25 puntos.
- Cursos de 41 a 75 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de 76 a 100 horas:0,75 puntos
- Cursos de máis de 100 horas: 1 punto

En caso de empate dos aspirantes seleccionarase o que acade maior puntuación no apartado de experiencia laboral, e de persistir o dito empate por maior puntuación no apartado de formación, e de persistir por sorteo.

#### 6º.- Tribunal cualificador:

6.1.- O tribunal cualificador designado pola alcaldía (en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local, e en base ó establecido pola Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, e estará integrado polos seguintes membros:

- Presidenta/e (titular e suplente): Unha/un funcionaria/o de carreira ou personal laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se pedira titulación igual ou superior á de agora esixida.
